

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que enchese por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Comprimido oral de pequeno tamaño:

- A) Boneca.
- B) Píldora.
- C) Pílula.
- D) Solpor.

2. Enfermidade infecciosa, de natureza vírica, que produce febre alta e aparición de bostelas que adoitan deixar marcas na pel:

- A) Ninfa.
- B) Xeonllo.
- C) Varíola.
- D) Baga.

3. Sinónimo de bandullo:

- A) Boche.
- B) Pulso.
- C) Costas.
- D) Nádegas.

4. Antónimo de vitalidade:

- A) Dinamismo.
- B) Leducia.
- C) Atonía.
- D) Euforia.

5. Sinónimo de coxa:

- A) Cranio.
- B) Perna.
- C) Cóbado.
- D) Pálpebra.

6. Cal das seguintes non é unha expresión propia do vocabulario médico?

- A) Antíxeno.
- B) Hiato.
- C) Fórceps.
- D) Vasoira.

7. Das seguintes, indique a palabra incorrectamente escrita:

- A) Férula.
- B) Ciruxía.
- C) Fenda.
- D) Broncopatía.

8. Das seguintes, indique a palabra correctamente escrita:

- A) Ruído peristáltico.
- B) Rubeola.
- C) Ruído cardíaco.
- D) Salmonelosis.

9. Tumor maligno formado pola proliferación de células dun tecido ou dun órgano, con tendencia a estenderse a outros e destruílos:

- A) Cancro.
- B) Cáncer.
- C) Candeia.
- D) Bronquite.

10. Sinónimo de córtex cerebral:

- A) Corticoide.
- B) Manto cerebral.
- C) Corpúsculo de Meissner.
- D) Corpus albicans.

Preguntas de reserva

1. Sinale a frase correctamente escrita:

- A) Dalle os cartos a Xan.
- B) Queimouse co sol e estalle mudando a pel.
- C) O calor vaporiza os líquidos.
- D) Para ese pintor o cor é moi importante.

2. Sinónimo de pestana:

- A) Pila.
- B) Pálpebra.
- C) Olo.
- D) Perfeba.